

Les para saber
A CIENCIA

Charlas científicas e obradoiros dirixidos a nenas e nenos, a partir de 10 anos, adolescentes e público en xeral

Lugar: Biblioteca Central Rialeda. Perillo
Horario: 18.30 h.

CATÁLOGO DO FONDO BIBLIOGRÁFICO
<http://catalogo-bibliografica.zesta.gal/>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasdeira.mosquera.com>

Síguenos en Twitter @BIBLIOTECAS

Bibliotecas Públicas Municipais
Punto Nacional María Mather 2017

Museos Científicos Coralloiros

UDCIencia

Concello de Oleiros
www.oleiros.org

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Ola, son **Carolina Mosquera** e o 22/02/2019 estarei en **Rialeda** coa charla titulada **“Alimentación saudable na idade escolar”**

Nesta sinxela guía podes consultar algúns libros que a biblioteca seleccionou para ti relacionados cos alimentos, a nutrición, etc.!!!

“Aventuras y desventuras de los alimentos que cambiaron el mundo” de Teresa Benítez e Flavia Zorrilla

Quince plantas coñecidas por tod@s contadas de xeito diferente. Unha saborosa e divertida viaxe que nos fará a boca auga.



“Eres lo que comes: comida=TÚ” de Felicia Law

A adolescencia é un momento especial da nosa vida por moitas razóns: entre outras, o noso corpo cambia rapidamente e precisamos coidar a nosa alimentación. Lembra que a túa dieta afecta aos teus niveis de enerxía... e tamén ao teu aspecto!

Una guía sobre dieta y salud

“Eu cociño, ti cociñas?” de Mamá Cabra

Sabedeiras receitas e cancións fermosas para gozar co gusto e o ouvido. Queres saber como se fan as filloas?

*...Primeiro o amoado:
leite, auga e sal,
ovos, tamén fariña,
non precisa nada máis...*



Consulta máis títulos sobre este tema nesta [ligazón](#)




"Peixes; Carnes: cociña infantil e familiar" VV. AA.

Recetas infantís para facer en familia. Explicadas paso a paso de xeito doado. Lagostinos, mexilóns, pescada, bacallau, hamburguesas, costeletas, salchichas e moitas máis, escollidas por catro cociñeiros moi experimentados. Estes dous volumes complétanse con outros oito, igualmente deliciosos!

"¡Qué rico!: todo lo que hay que saber sobre la comida" de Sabine Jaeger, Hermann Schulz

O segredo dunha alimentación saudable está na variación e na diversidade. Este libro toca moitos temas interesantes sobre o costume de comer neste noso mundo cambiante como parte fundamental da cultura de calquera pobo.



"Una cocina tan grande como un huerto" de Alain Serres

Fermoso libro sobre froitas e hortalizas. Poñeránseche os dentes longos só ao velo! Un montón de receitas de primeiros, segundos e sobremesas para sorprender a calquera e gozar cun rico menú!



"Alimentación sa" de Lorenzo Pousa Estévez

Este volume forma parte da colección "Que me dis de..." sobre temas moi interesantes para a infancia e a xuventude. Neste caso a protagonista é a alimentación como base fundamental da saúde.

QUE ME DIS DE...

ALIMENTACIÓN SA

